

FEMINISMO

1º BACH

FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR




SIMONE DE BEAUVOIR

FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR



- Conceptos previos:
 - Existencialismo:
 - O ser humano non é algo dado, é un proxecto que se realiza a través das decisións que se van tomando ao longo da vida.
 - Todos os seres humanos son inherentemente libres polo que tamén somos responsables dos nosos actos.

Tamén un escravo é inherentemente libre?



FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR

- Conceptos previos:
 - **“Eterno femenino”**
 - Concepto filosófico e literario do XIX que idealizaba e estereotipaba a muller con características asociadas a súa natureza biolóxica.
 - **“Muller fatal”**
 - Estereotipo sobre a muller xurdido no XIX, a raíz da liberación sexual da muller (xa podían comezar a escoller as súas propias parellas). Isto provocou unha reacción que identificaba a esa muller liberada cunha muller destrutiva e fatal (ben para si mesma ou para os demais).




FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR

- Beauvoir reinterpreta o existencialismo en clave feminista:
- O ser humano se determina polas súas decisión → **Non existe unha esencia (eterno) feminina biolóxica.**



Que é o que fai que tantas mulleres cumbran co estereotipo?






Simone de Beauvoir. O segundo sexo



Socialização diferenciada



Idea de mulher



FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR

- Beauvoiriur se pregunta tamén sobre a orixe da dominación masculina: a **orixe do patriarcado**.

Se cumplen 50 años desde que las mujeres en España pueden abrir una cuenta bancaria sin permiso de un hombre. Solo 50 años. No es historia antigua. Es memoria reciente.



Nuestro banco cree en los derechos de la mujer. Y lo demuestra.

Desde 1934, el Banco de Bilbao es el único banco en España que permite a las mujeres abrir cuentas de ahorro y corrientes sin necesidad de autorización de un hombre. Este compromiso se renueva hoy con el 50 aniversario de la Ley de Sufragio Universal de 1931, que otorgó a las mujeres el derecho al voto y a la participación plena en la vida política y social.

BANCO DE BILBAO 

FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR



Os homes arriscan a súa vida nas expedicións de caza ou na guerra. Son actividades perigosas.

Os homes saen da pura repetición da vida e transcéndena (ser - para sí): realizan o seu proxecto de liberdade.

Para o guerreiro a vida non é o ben supremo, senón que “debe servir a fins máis importantes ca ela mesma”

Acrecentamento do seu prestixio

IMPOSICIÓN DOS SEUS VALORES E DISCURSOS


Limítanse a procrear e a coidar da casa e os fillos, actividades estas que son consideradas naturais. Son o seu “destino biolóxico” ineludible e obrigatorio. Non poden ser doutro xeito.

As mulleres poden recibir protección dos homes, pero anúlase a posibilidade e a súa responsabilidade moral de construír o seu proxecto vital.



FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR


- As mulleres son reducidas a ser corpo (un obxecto puramente biolóxico) cuxa percepción está determinada polo marco cultural, histórico e social. O que denomina o **corpo como situación**.
- Ademais o corpo poder ser:
 - Instrumento de liberdade (a través da acción que permite que -a súa vez- permite a transcendencia do individuo máis aló do puramente biolóxico e desenvolver o seu proxecto de vida),
 - Lugar onde se exerce a opresión. O corpo foi historicamente un **límite** (físico, intelectual, etc.) **imposto pola mirada do home**, condicionando as súas posibilidades de acción.



Cadro estilo Biedermeier
(século XIX)

FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR

- Beauvoir sostén que as diferencias entre homes e mulleres non son biolóxicas, senón construídas socialmente.
- É o chamado **feminismo de igualdade** que defende a igualdade de dereitos a desenvolver o seu proxecto vital en igualdade co home e non verse limitada pola súa natureza biolóxica.
- SOLUCIÓN: **eliminación dos xéneros como construción social= igualdade universal.**



"Entre as nenas e os nenos, o corpo é, en primeiro lugar, o resplandor dunha subxectividade, o instrumento que efectúa a comprensión do mundo: eles apreheden o universo a través dos ollos, as mans, e non a través das partes sexuais".

(*O segundo sexo*) Simone de Beauvoir

FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR

- Ademais denuncia a falta de oportunidades que, historicamente, a muller sufriu para desenvolver a súa liberdade.



FEMINISMO. SIMONE DE BEAUVOIR

- Beauvoir entende que o seu momento histórico (s. XX) é unha etapa de transición, e que **modificar a situación supón unha transformación cultural**: deben producirse as consecuencias de tipo moral e social que a autonomía económica debe conlevar.
- Este novo contexto esixirá, ao seu xuízo, unha **evolución colectiva** que só será **posible mediante unha educación igualitaria**.



ESTEREOTIPO OU REALIDADE?



DÉCADA DE 1940




DÉCADA DE 1950

Repaso

1. Estás dacordo que a liberdade é inherente ao ser humano como defenden os existencialistas?
2. Cres que, como denuncia Beauvoir, a liberdade da muller para desenvolver o seu proxecto vital foi historicamente coartada polo home?
3. *OnlyFans: Empoderamento da muller ou sumisión ao patriarcado a través da mercantilización da súa intimidade?*
4. Pensa en argumentos a favor e en contra das cotas de xénero.
5. Pensa en 3 elementos / ideas nas que se perciba a influencia do patriarcado e a mirada masculina.



FEMINISMO DE DIFERENZA



FEMINISMO DE DIFERENZA

FEMINISMO DE DIFERENZA

- O feminismo de diferenza defende a idea é que **a muller non debe buscar ser igual ao home, porque iso significaría aceptar o modelo masculino como o estándar universal**
- En lugar diso, defende que existe unha esencia ou natureza feminina propia que debe ser valorada e celebrada.
- Mentres que en *O segundo sexo* a maternidade interprétase como unha desvantaxe para a muller, o feminismo da diferenza defende que é algo fermoso.



FEMINISMO DE DIFERENZA

- Este feminismo a miúdo critica a:
 - A igualdade legal pura porque considera que o sistema legal actual foi deseñado por e para homes.
 - A asimilación: Sostén que buscar a igualdade estrita obriga ás mulleres para imitar o comportamento masculino para ter éxito.

Solución: Cambiar as estruturas do mundo para que as experiencias históricamente femininas (como os coidados, a maternidade ou o fogar) teñan o mesmo valor político, económico e social que as masculinas.

TEORA QUEER. JUDITH BUTLER.




TEORÍA QUEER

Teoría Queer. Judith Butler.

Sexo biolóxico: É o conxunto de características anatómicas, xenéticas, hormonais e fisiolóxicas coas que nace unha persoa. Clasifícase de forma xeral en macho, femia ou intersexual.


Xénero: É a construción social, cultural e psicolóxica que dita que comportamentos, roles, identidades e valores considéranse "proprios" de homes ou de mulleres nunha sociedade determinada. É unha categoría que se aprende e cambia segundo a época e a cultura.

Identidade de xénero: É a vivencia interna que o individuo ten do seu xénero autopercebido. Pode entrar en conflito co xénero.




Teoría Queer. Judith Butler.

- Inicialmente xorde co **obxectivo ético** de integrar a pequenos colectivos que eran discriminados sistematicamente pese a non facer dano a ningún.




Teoría Queer. Judith Butler.

- A teoría *queer* postula que o **xénero**, a **clasificación binaria do sexo biolóxico** e a **orientación sexual non son categorías naturais nin fixas**, senón **construcións sociais e culturais** profundamente influenciadas pola historia e a linguaxe.




Teoría Queer. Judith Butler.

- **Judith Butler** é o máximo referente da teoría *queer*.
- A súa teoría ten numerosas influencias de autores como:
 - Simone de Beauvoir ("Non se nace muller, chégase a selo", *O segundo sexo*).
 - Jacques Derrida ("Non se pode escapar do texto", *Da Gramatoloxía*).
 - Michel Foucault ("A cultura e a linguaxe son dependentes do poder e con eles a percepción / concepción dos nosos corpos").
 - Hanna Arendt (A acción política, non é nin fixa nin estática, senón performativa)



Simone de Beauvoir. O segundo sexo



Teoría Queer. Judith Butler.

- O pensamento *queer*, **moi influenciado** polo filósofo **Michel Foucault**, sostén que a noción dun **sexo** biolóxico fixo e complementario foi promovida polas **institucións de poder** modernas (Estado, Igrexa, etc.) para garantir a reprodución da poboación e manter a familia tradicional como base económica e social.

michel foucault

HISTORIA DE LA SEXUALIDAD

1-la voluntad de saber



Teoría Queer. Judith Butler.

- Outra gran influencia é de **Jacques Derrida** e a súa idea de que o mundo está comprendido e estruturado a través da linguaxe (instrumento da cultura), situación da cal o ser humano non pode escapar.
- Butler asume a Derrida e afirma que non hai un acceso conceptual a nada previo á cultura (sendo a linguaxe o instrumento).
- Isto implica que o sexo, o xénero e a identidade de xénero non son dados naturais, senón construídos culturalmente (Derrida) e regulados polo poder (Foucault).

DE LA
GRAMATOLOGÍA

jacques derrida



XXI siglo veintiuno
ediciones

Teoría Queer. Judith Butler.



PERFORMATIVIDADE DA ACCIÓN




**Performatividade
da acción
política
(Arendt)**



Non é un espazo fixo , senón
performativo = expresar e debater
ideas en calquer lugar / momento

Imprevisible

**Capacidade de
iniciar algo novo
(natalidade)**



Teoría Queer. Judith Butler.

Performatividade de xénero

O xénero non é algo fixo
nin estático senón
performativo. Non nacemos
cun ningún xénero senón
que é imposto pola
sociedade



BARRA LIBRE

Socialización diferenciada



Repetición de roles e
condutas que a sociedade
espera de ti



Cultura



Apariencia de
naturalidade



SUBVERSIÓN
(PROVOCAR ERROS NO
SISTEMA)



OBXECTIVO:
DESNATURALIZACIÓN



Judith Butler



Teoría Queer. Judith Butler.

<u>Sexo</u> (derivado de la diferencia en órganos sexuales)	Visión <i>Queer</i>	<u>Xénero</u> (construción social)	Visión <i>Queer</i>
<i>Masculino</i>	<i>A redución binaria é unha simplificación artificial da natureza e da diversidade biolóxica.</i>	- Non chora - É forte e agresivo - Proveedor de cartos - Non lle gustan as bonecas - Non lle gusta a cor rosa. - Non se poñen vestidos nin faldas - Non usan maquillaxes - Etc.	Nada disto ven nos cromosomas XY senón que son condutas aprendidas.

A visión tradicional di que o sexo biolóxico vai primeiro e o xénero constrúese despois. Butler invirte esta orde: afirma que **o xénero (a expectativa social de que existan homes e mulleres) é o que nos obriga a mirar os corpos buscando unicamente diferenzas sexuais para clasificalos.**

Repaso

1. Se o xénero é unha construción social: Implicaría isto que en sociedades pechadas con menos pluralidade e tolerancia habería menos xéneros?
2. Cres que a nosa sociedade é aberta en canto ao xénero?
3. Se tiveras que criticar a Butler, que lle criticarías?

